

## CAPÍTULO 4.

### ESCLEROSE SISTÉMICA OU ESCLERODERMIA.

*Ana Lois Iglesias*

#### Que é? Concepto da enfermidade.

A esclerose sistémica, é un tipo de esclerodermia. Esclerodermia ven do grego e significa "pel dura". É una enfermidade autoinmune crónica na que se produce unha alteración no coláxeno que vai provocar cambios na pel, cun endurecemento da mesma e que pode afectar tamén a outros órganos como os pulmóns, corazón, riles ou aparato dixestivo.

Outro tipo de esclerodermia é a esclerodermia localizada que afecta soamente a pel.

É una enfermidade rara de orixe descoñecida, afecta a 2,5 millóns de persoas no mundo, aproximadamente a 1 de cada 50.000.

Pode aparecer a calquera idade, sendo mais frecuente en mulleres de mediana idade (30-50 anos).

#### Como é? Manifestacións clínicas.

Os síntomas e as diferentes manifestacións da enfermidade poden ser diferentes en cada paciente. Vai depender do tipo de enfermidade que se teña, da gravidade da mesma e de que órganos están afectados. Así haberá pacientes con síntomas leves e outros poderán ter unha presentación con manifestacións graves.

O tecido mais afectado é a pel. Segundo a extensión da afectación clasificaremos en esclerose sistémica difusa ou limitada.

#### Os síntomas máis frecuentes inclúen:

- Endurecemento progresivo da pel
- Rixidez articular porque a pel ao redor das articulacións non se estira coma antes.

- Acumulacións de calcio na pel ou debaixo dela nos dedos (calcinosis cutis).
- Fenómeno de Raynaud no que os dedos se tornan brancos ou morados en resposta o frío ou estrés.
- Outros síntomas coma o refluxo, dificultades para tragar, sensación de falta de aire con esforzos moderados.

Para poder facer o diagnóstico será necesario facer una valoración por un médico especializado. Esa avaliación incluíra unha serie de preguntas, exame da pel e una exploración física xeral e as probas complementarias que se consideren necesarias en cada caso. Habitualmente realizaranse analíticas con estudos de inmunoloxía e as probas de imaxe necesarias.

Será necesario un seguimento periódico segundo considéreo necesario o seu especialista.

### **Como se trata?**

Na actualidade non temos tratamentos que poidan curar a enfermidade pero si podemos tratar moitas das manifestacións que se presenten para mellorar os síntomas e intentar previr complicacións. O fenómeno de Raynaud pódese tratar para mellorar a circulación. Tamén podemos tratar o refluxo ácido, a enfermidade renal esclerodérmica e as manifestacións pulmonares (afectación intersticial do pulmón e a hipertensión pulmonar) entre outras. Ademais estase investigando para encontrar mellores tratamentos para esta doenza.

### **Previsión, que podo agardar?**

Dependendo do tipo de enfermidade poderemos esperar unha maior ou menor afectación, podendo afectar unicamente á pel ou tamén a outros órganos. O seu reumatólogo poderao orientar en cada caso.

Segundo a gravidade e a extensión da enfermidade poderá afectar a súa vida diaria. Moitos doentes poderán levar una vida normal ou case normal, aínda que é probable que teñan que tomar medidas xerais. Será recomendable manter a pel hidratada, ser coidadoso en actividades que poidan provocar danos nos dedos, protexerse ben do frío usando varias capas de roupa.

---

## BIBLIOGRAFÍA: